

1 Etiquetas XML

1.1 Etiquetas en XML

Existen unha serie de regras que se deben ter en conta á hora de escribir os nomes das etiquetas:

- **Poden** conter letras, números e outros caracteres.
- **Non poden** empezar cun número ou carácter de puntuación.
- **Non poden** empezar coas letras xml (ou XML, Xml, etc.). Agás esta palabra, pode usarse calquera xa que non existen palabras reservadas.
- **Non poden** conter espazos.

Pódense escribir **etiquetas sen contido** pero hai que pechalas (<etiqueta></etiqueta>). Estas etiquetas pódense abrir e pechar no mesmo momento, indicando na etiqueta o símbolo / antes do símbolo de peche (<etiqueta />).

1.2 Consellos de nomenclatura

Ademais, hai que ter en conta o seguinte cando escribimos os nomes das etiquetas:

- **Usar nomes descritivos, cortos e simples:** <book_title> no canto de <the_title_of_the_book>
- **Substituír os espazos polo guión baixo:** <first_name>, <last_name>.
- **Non usar o carácter "-".** Algúns programas poden interpretar que first-name se trata dunha resta de dous valores.
- **Non usar o carácter ".".** Algúns programas poden interpretar que first.name indica que name é unha propiedade do obxecto first.
- **Non usar o carácter ":".** Os dous puntos úsanse para os espazos de nomes dos que se falará en breve.
- Os documentos XML adoitan ter a súa correspondencia nunha base de datos. Convén **usar as regras de nomenclatura da base de datos** no documento.
- Os caracteres non ingleses, como éodá, son legais en XML, pero poden ter problemas de compatibilidade.

--Arribi 09:30 28 sep 2010 (BST)